

Na RESOLUCIÓN da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional do 29 de outubro de 2024 (DOG do 8 de novembro) foron nomeados os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e fixéronse públicos os parámetros de ponderación de materias para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia no curso 2025/26, aprobados nos respectivos consellos de goberno das universidades públicas de Galicia. Os ditos parámetros de ponderación xa estiveron publicados na páxina web da CiUG con tempo suficiente para que o alumnado de primeiro de bacharelato no curso 2023/2024 puidese coñecer eses valores á hora de escoller as materias de segundo de bacharelato, e tamén para orientar a aquel alumnado que quere acceder á universidade a través de ciclos formativos.

Na sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o día vinte de xuño de 2024, aprobouse, entre outras, a PCEO Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial, a impartir na Escola Superior de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense (punto 12 da orde do día).

Posteriormente, na reunión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo celebrada o seis de febreiro de 2025, aprobouse a tramitación das propostas de Programas de Simultaneidade de Enxeñaría Agraria e Ciencias Ambientais e Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, a impartir na Facultade de Ciencias do Campus de Ourense para o curso 2025/2026 (punto 7 da orde do día).

Posto que estas novas ofertas formativas afecta ao número de prazas ofertadas e tamén cómpre definir uns parámetros de ponderación, pola presente

RESOLVO:

Publicar os parámetros de ponderación para a admisión nos ditos PCEOS e sinalar o número de prazas que corresponde a cada unha delas, segundo a información recibida desde a Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente da Universidade de Vigo

		BIOLOXÍA	DEBUXO TÉCNICO II	DESEÑO	EMPRESAS E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO	FÍSICA	MATEMÁTICAS II	MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II	QUÍMICA	XEOGRAFÍA	XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS	TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA	CIENCIAS XERAIS
PRAZAS													
39	ENXEÑARÍA AGRARIA	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0
42	CIENCIAS AMBIENTAIS	0,2	0,1	0	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0	0,2	0,1	0,2
42	CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	0,2	0,1	0	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0	0,2	0,1	0,2
6	PCEO ENXEÑARÍA AGRARIA E CIENCIAS AMBIENTAIS	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2
6	PCEO ENXEÑARÍA AGRARIA E CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2
PRAZAS													
45	INTELIXENCIA ARTIFICIAL	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2	0
137	ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	0	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0	0	0,2	0
10	PCEO ENXEÑARÍA INFORMÁTICA E INTELIXENCIA ARTIFICIAL	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2	0

En Ourense a 24 de abril de 2025

Asdo. Iván Area Carracedo
Delegado do Reitor da Universidade de Vigo na CiUG